

Unha xograresa, LaGriot'te, desencantada co teatro.
Dous xornalistas á procura dunha exclusiva dun modo sensacionalista.
E o xuízo á vida de Manuel Curros Enríquez.

LaGriot'te, decidida a queimar o teatro para desfacerse das historias, vese sorprendida pola aparición de Curros cunha soa petición: acompañalo.

A nosa xograresa verase envolta nunha viaxe no tren dos Sete Pecados dirección Jacobusland, corte penal última da moralidade do Estado. En cada un dos vagóns un pecado capital é representado a través de persoas e situacións da vida de Curros.

Detrás deles, os Xornalistas, os perseguen retorcendo a realidade para conseguir unha boa historia no nome da verdade.

Un espectáculo visual, como os que caracterizan á compañía LaGriot'te, no que se traslada o universo creado por Curros para falar de intolerancia, extremismo, censura e autocensura, as guerras incivís que nos rodean, a corrupción, moral ou económica... e todo a través da ironía, a sátira e o humor.

Quizáis, o que dibuxou Curros na súa obra fai máis dun século, non dista tanto dos nosos días. Ou si?

Obra orixinal: *O Divino Sainete de Manuel Curros Enríquez*

Dirección e Versión: *Nazan L. Bamio*

Intérpretes: *Celina Fernández Ponte
Sandra Gade
Marcos Grandal*

**Deseño de escenografía,
vestiario e iluminación:** *As dúas e punto*

Composición musical: *Marcos Grandal*

Construción monicreque: *Os monicreques de Kukas*

Deseño gráfico: *Víctor Rivas*

Estudo gravación: *Estudo Bonobo*

Distribución: *Culturactiva*

Produción: *Sandra Gade*